



CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data 26 de xullo de 2022, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o cadro de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2022, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días hábiles dende a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (<http://concellodeboveda.sedelectronica.es>).

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

Bóveda, 26 de xullo de 2022.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2131

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos- suplemento de créditos- financiado por remanentes de tesourería, por acordo do Pleno extraordinario do 26/07/2022, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentasen alegacións, considerárase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Bóveda, 26 de xullo de 2022. -O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2132

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos- crédito extraordinario- financiado por remanentes de tesourería, por acordo do Pleno extraordinario do 26/07/2022, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentasen alegacións, considerárase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Bóveda, 26 de xullo de 2022.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2133

CASTROVERDE

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA A CATEGORÍA DE TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE CASTROVERDE.

POSTO DE TRABALLO: Traballador/a Social.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Castroverde ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do Concello de Castroverde

Castroverde, 29 de xullo de 2022.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2148

LOURENZÁ

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 18/07/22 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos correspondente ao segundo trimestre do 2022, exponse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións. Establécese como período de cobro en voluntaria do 2 ó 22 de agosto do 2022.

Lourenzá, 20 de xullo do 2022.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 2098

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº: 7178/2022 DO 12/07/2022

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día catro de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo 12/547 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OPE 2017).

- Polo Decreto Nº 7327/2020 DO 19/11/2020 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a Técnico/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017), que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE" publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 12/547 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de novembro de 2020.

O antedito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 286, do 14 de decembro de 2020, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" núm. 31, de 16 de febreiro de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 61 do 12 de marzo de 2021.

Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 28.06.2022, ACORDA:

Publicar a seguinte relación de aprobados no proceso selectivo para o acceso en propiedade a unhas praza de arquitecto/a técnico funcionario/a de carreira do Concello de Lugo mediante oposición libre (OEP 2017), para elevar ao órgano competente para os efectos da súa publicación no BOP de Lugo e posterior nomeamento:

1ª.- Eyre Rodríguez, Laura DNI nº *2123** Puntuación total: 24.03**

Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes.

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Facer pública a relación da aspirante aprobada no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018

ARQUITECTO/A TÉCNICO :

1ª.- Eyre Rodríguez, Laura DNI nº *2123** Puntuación total: 24.03**

SEGUNDO.- A opositora aprobada, de conformidade coa base vixésima das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Declaración xurada de non estar separada do servizo das administracións públicas e non estar incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 12 de xullo de 2022.

R. 2099

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Os efectos do disposto no Artigo 179.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de la Ley Reguladora das Facendas Locais ao que se remiten os artigos 169, 170 e 171 do mesmo Real Decreto Legislativo, ponse en coñecemento xeneral que na Secretaría Intervención deste Concello atopase exposto ó público o expediente de concesión de suplementos de créditos que afecta ó Presuposto do exercicio de 2.022 , en Sesión celebrada o día 27 de xullo de 2022, financiado con parte do Remanente Líquido de Tesourería dispoñible procedente da Liquidación do Presuposto desta Entidade do exercicio de 2021.

Os interesados que estén lexitimados según o disposto no Artigo 170.1 do RDL citado anteriormente, e polos motivos taxativamente enumerados no Núm. 2 de dito Artigo 170, con suxección ós seguintes trámites:

- Prazo de exposición e admisión de reclamacións: Quince días hábiles a partir do seguinte á data de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Navia de Suarna, 28 de xullo de 2022.- O alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2149

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de xullo de 2022, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de XUÑO de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de dous mil oitocentos sete euros con seis céntimos (2.807,06 €), correspondendo mil cincuenta e catro euros con cinco céntimos (1.054,05 €) a libre concorrència e mil setecentos cincuenta e tres euros con un céntimo (1.753,01 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oourol, 13 de xullo de 2022.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2100

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, faise público o resumo por capítulos do Orzamento Xeral do concello de Oourol correspondente ao exercicio 2022, unha vez incorporado o expediente de modificación, suplemento de crédito con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, 2/2022. O expediente foi aprobado provisionalmente en sesión plenaria ordinaria celebrada o día un de xullo de dous mil vinte e dous sen que se presentase ningunha reclamación dentro do prazo de exposición ao público.

ESTADO DE GASTOS

Operacións correntes Capítulo Denominación	Importe ant.	Modificación	Importe actual
1º.- Gastos de persoal	1.007.419,08 €	2.000,00€	1.009.419,08 €
2º.- Gastos correntes en bens e servizos	535.136,08 €	9.000,00 €	544.136,08 €
3º.- Gastos financeiros	0,00€	0,00 €	0,00 €

4º.- Transferencias correntes	119.900,00 €	2.400,00 €	122.300,00 €
Operacións de capital			
6º.- Investimentos reais	0,00 €	30.200,00 €	30.200,00 €
7º.- Transferencias de capital	75.000,00 €	0,00 €	75.000,00 €
8º.- Activos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9º.- Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00€

IMPORTE TOTAL DAS MODIFICACIÓNS: 43.600,00 €

Segundo dispón o artigo 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Real Decreto, contra este expediente poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Ouro, 28 de xullo de 2022.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2150

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 01/07/2022, aprobou inicialmente o expediente núm. 259/2022 de modificación de créditos do orzamento do 2022. Dando cumprimento ao preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ao público por prazo de quince días hábiles na secretaria deste Concello que comezará a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas e que deberán dirixirse ao sr. alcalde-presidente deste Concello.

A Pobra do Brollón, 20 de xullo de 2022.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 2101

Anuncio

Cumprido o tramite de exposición pública da modificación da ordenanza que se indica a continuación sen que se presentase reclamación algunha considérase definitivamente aprobada co texto que figura a continuación:

1.01ª.- Ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles.

1. Artigo 1.

Segundo o previsto na lexislación vixente en materia de tributos locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles neste Municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

2. Artigo 2.

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no 0,71%.

2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,90%.

3. O tipo de gravame para os Bens Inmobles de Características Especiais queda fixado no 1,3%.

3. Artigo 3.

1.- Estarán exentos deste imposto os bens inmobles de natureza urbana dos que a cota resultante en aplicación do tipo de gravame establecido no artigo anterior non supere a cantidade de 5,99€.

2.- Estarán exentos deste imposto os bens inmobles de natureza rústica dos que, no seu conxunto para cada titular, a cota resultante en aplicación do tipo de gravame establecido no artigo anterior non supere a cantidade de 5,99€.

4. Artigo 4.

4.1 Bonificación ás explotacións agrícolas e gandeiras

1. Gozarán dunha bonificación do 40% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan actividades económicas (agrícolas ou gandeiras) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno.

2. A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

3. Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non ca suxeito pasivo.

- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica ni coa Seguridade Social.

~ Xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza ou comunicación da actividade correspondente.

4. Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

5. Os obrigados tributarios deberán comunicar ao concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia do abrigado tributario por un prazo de dez días, (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dita prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

4.2 Bonificación ás actividades económicas que xeren emprego

1.- Gozarán dunha bonificación na porcentaxe que se indicará no punto 3, da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno.

2.- Dita bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación

dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

3.- As porcentaxes a que se refire o punto 1, son as seguintes.

Porcentaxe	Condición
95%	<i>Pola creación de máis de 20 postos de traballo.</i>
75%	<i>Pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.</i>
50%	<i>Pola creación de ata 10 postos de traballo.</i>

4.- A bonificación que se conceda terá aplicación durante tres exercicios orzamentarios.

5.- Os postos de traballo creados deberán manterse polo menos durante os exercicios de vixencia da bonificación.

6.- A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

7.- Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non ca suxeito pasivo.

- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica ni coa Seguridade Social.

~ Licenza ou comunicación da actividade correspondente.

8.- Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

9.- Os obrigados tributarios deberán comunicar ao concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia do abrigado tributario por un prazo de dez días, (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dita prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

5. Artigo 5.

Naquilo non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección segunda, da Sección terceira, do Capítulo II do Título II do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

6. Artigo 6.

O pago do importe deste poderá fraccionarse durante o período voluntario de pago.

7. Disposición final

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vinte e nove de abril de dous mil vinte e dous, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil vinte e dous, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

A Pobra do Brollón, 19 de xullo de 2022.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 2102

A PONTENOVA

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 27/07/2022 POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E DE REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE UNHA (1) PRAZA DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES/CONDUCTOR COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN.

“Á vista dos seguintes antecedentes:

<i>Documento</i>	<i>Data/Núm.</i>	<i>Observacións</i>
<i>Providencia de Alcaldía</i>	<i>26/04/2022</i>	
<i>Informe de Secretaría</i>	<i>27/04/2022</i>	
<i>Bases Xerais da Convocatoria</i>	<i>29/04/2022</i>	
<i>Acordo da Xunta de Goberno Local aprobando a Convocatoria e as Bases</i>	<i>05/05/2022</i>	
<i>Anuncio BOP</i>	<i>11/06/2022</i>	
<i>Anuncio DOG</i>	<i>20/06/2022</i>	
<i>Anuncio BOE</i>	<i>21/06/2022</i>	

Rematado o prazo de presentación de instancias segundo o establecido nas bases que rexen dito proceso selectivo, e visto que todos os candidatos presentaron a documentación esixida,

Vista a imposibilidade de convocar a XGL e considerando o establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.-

*Pola presente, **VEÑO EN RESOLVER:***

PRIMEIRO.- Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto desta Alcaldía 2019-0186, de data 24/06/2019, para o só efecto desta resolución, dando conta ao devandito órgano colexiado para coñecemento, por mor da urxencia na tramitación.-

SEGUNDO. Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, coa seguinte relación de aspirantes:

Relación de Aspirantes Admitidos	DNI
CANCIO MOIRÓN, IVÁN	***8497**
GUEIMONDE VEIGA, ÓSCAR	***4421**
GUTIÉRREZ RIVAS, JOSÉ LUIS	***4677**
IRAVEDRA IRAVEDRA, JAVIER	***4879**

Relación de Aspirantes Excluídos
NINGÚN

TERCEIRO. Elevar a definitiva a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos.

CUARTO. Nomear aos membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

Membro	Identidade
Presidente	Simón Castro Gavín, Técnico de Administración Financeira do Concello da Pontenova.
Suplente	Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario – Interventor da Agrupación de Concellos de Bóveda e O Incio (Lugo).
Vogal	Laura García Delantero, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello da Pontenova.
Suplente	María del Carmen Calvin García, Administrativa do Concello da Pontenova.
Vogal	Javier Méndez Alonso, Capataz Adxunto do persoal de obras do Concello da Pontenova.
Suplente	Isabel Pacios Villar, Traballadora Social do Concello da Pontenova.
Vogal	José Fernández Rodríguez, Capataz do persoal de obras do Concello da Pontenova.
Suplente	Manuel Cancelas Fernández, Chófer Desbrozadora do Concello da Pontenova.
Secretario	Froilán Pallín Seco, Secretario – Interventor do Concello da Pontenova.
Suplente	José Ramón Rivas Díaz – Administrativo do Concello da Pontenova.

QUINTO. Fixar a data, hora e lugar de **constitución do Tribunal** e baremación dos méritos alegados polos aspirantes para o día 22/08/2022 ás 09:00 horas no Salón de Plenos do Concello da Pontenova.

SEXTO. A realización do primeiro exercicio será o día 23/08/2022, ás 10:00 horas, no Mercado Gandeiro sito en Goios debendo portar os aspirantes o D.N.I., pasaporte ou documento de identificación equivalente.

A orde de chamamento dos aspirantes, neste caso, seguirase a orde alfabética en vigor aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autónoma de Galicia que se deriven da oferta de emprego correspondente ao ano 2022: letra "T", segundo o sorteo realizado o 26 de xaneiro de 2022 (Resolución do 28 de xaneiro de 2022, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, DOG nº 24, do 4 de febreiro de 2022).

O chamamento para posteriores exercicios farase mediante a publicación no taboleiro de Anuncios e na sede electrónica deste Concello: <https://concellodapontenova.sedelectronica.es/info.1>; así como nos locais onde se

celebrou a proba anterior ou na sede do Concello, con dous días, polo menos, de antelación ao comezo deste, se se trata do mesmo exercicio, ou de tres días, se se trata dun novo.

SÉTIMO. *Publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos, así como a composición do Tribunal de Selección, no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica deste Concello <https://concellodapontenova.sedelectronica.es/info.1>.*

OITAVO. *Notificar a presente resolución aos membros do Tribunal designados para o seu coñecemento”*

Contra as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste Concello de A Pontenova, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

A Pontenova, 27 de xullo de 2022.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2139

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO DE 2022

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 13 de xullo de 2022, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de xuño de 2022 polo importe total de 6.266,83€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 20 de xullo de 2022.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 2104